



BOP

SÁBADO, 4 DE MAIO DE 2019

N.º 101

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

José Castor Pérez Picallo solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.65336.

As obras solicitadas consisten no peche das parcelas coa referencia catastral 27063A022003040000YS, 27063A022003110000YW, 27063A022003120000YA, 27063A022003130000YB e 27063A022003140000YY; na zona de policía do río Ferreira no lugar de Portela, na parroquia da Laxe, no concello do Valadouro (Lugo). Realizarase con malla de 1,50 metros de altura ancorada ao chan con postes metálicos.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Valadouro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 26 de abril de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1249

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Trinidad Otero Franco solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.65993.

As obras solicitadas consisten na execución do peche, construción dunha vivenda e paso de acceso no predio con referencia catastral 3644915PJ4234S0001BM. O paso proxéctase sobre o rego de Lagüelas e a vivenda e peche na zona de policía da marxe dereita del; no lugar de Remior, na parroquia de San Cosme, no concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 26 de abril de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1250

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.
DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución de 22 de abril de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo (expediente IN407A 2018/ 8702-AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: JUNTA DE COMPENSACIÓN POLÍGONO 1-SECTOR II SUNP ING
- Domicilio social: Camiño Real, 115, baixo, 27004 Lugo
- Denominación: LMT, CT e RBT en nova urbanización, polígono 1, sector II, do SUNP ING
- Situación: concello de Lugo
- Características técnicas:
 - LMT soterrada con orixe nunha cela de liña existente ubicada no CT Duquesa Garaballa (12347), entra e sae no CT proxectado e remata nun empalme a realizar nunha arqueta existente na LMT Duquesa, cunha lonxitude de 185 metros en dobre circuito e conductor RHZ1-240.
 - CT en edificio prefabricado tipo PFU-4, no cal se instalan dúas celas de liña, unha de protección de trafo e unha de interruptor automático, cunha potencia máxima de 250 KVA, relación de transformación 20.000/400-230V.
 - Liña soterrada de baixa tensión con orixe no cadro de baixa tensión do CT proxectado e final nas parcelas a electrificar, formada por tres circuitos cunha lonxitude de 135 metros, 15 metros e 60 metros respectivamente en conductor tipo RV-240.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de

construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da fecha da última autorización administrativa necesaria para a súa execución. Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 22 de abril de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 1237

CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos con número 2/2019, de suplementos de crédito e créditos extraordinarios, por un importe total de trescentos cincuenta e tres mil setecentos cincuenta euros (353.750,00 €.-), primeiro de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o vinte e nove de marzo de dous mil dezanove, de acordo co preceptuado e en

cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTE</u>
1.- Gastos de persoal.....	857.265,78.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.198.796,13.-
3.- Gastos financeiros.....	2.700,00.-
4.- Transferencias correntes.....	111.300,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Inversións reais.....	843.417,09.-
7.- Transferencias de capital.....	0,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	3.013.479,00.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 30 de abril de 2019.- O alcalde-presidente, José Antonio Ferreiro González.

R. 1257

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o **orzamento** municipal para o exercicio **2019**, por acordo adoptado en sesión celebrada o vinte e nove de marzo de dous mil dezanove, en cumprimento do disposto polo artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o citado orzamento ascende, no apartado de gastos, á contía de **dous millóns catrocentos setenta e cinco mil douscentos vinte e tres euros (2.475.223,00 €)**, e no apartado de ingresos, á contía de **dous millóns catrocentos setenta e cinco mil douscentos vinte e tres euros (2.475.223,00 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo a seguinte desagregación:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal.....	887.380,57.-
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.176.194,00.-
3	Gastos financeiros.....	2.700,00.-
4	Transferencias correntes.....	130.600,00.-
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6	Investimentos reais.....	277.348,43.-
7	Transferencias de capital.....	1.000,00.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS GASTOS.....		2.475.223,00.-

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos.....	726.200,00.-
2	Impostos indirectos.....	25.100,00.-
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	322.682,00.-
4	Transferencias correntes.....	1.283.982,57.-
5	Ingresos patrimoniais.....	5.120,00.-
6	Alleamento de investimentos reais.....	600,00.-
7	Transferencias de capital.....	111.538,43.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS INGRESOS.....		2.475.223,00.-

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o **cadro de persoal** para o exercicio 2019 que, de acordo co preceptuado polo artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, reproducése a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	SUB-GRUPO	C. D.	SITUACIÓN
--------------	----------	-----------	-------	-----------

1. Habilitación Nacional:

Secretario-interventor, e Letrado da Corporación	1	A1	28	OCUPADO
		Destino definitivo		

1.2. Administración Xeral:

a) Área de servizos xerais:

-Administrativo (Xefe de sección)	1	C1	22	OCUPADO
		Destino definitivo		

-Auxiliar Administrativo (posto de traballo servizos xerais)	1	C2	18	VACANTE
--	---	----	----	---------

Desenvolvido por funcionario interino

-Auxiliar Administrativo (posto de traballo servizos xerais)	1	C2	16	VACANTE
--	---	----	----	---------

Desenvolvido por funcionario interino

b) Área económica e de facenda:

-Administrativo (posto de traballo de Contable)	1	C1	20	VACANTE
---	---	----	----	---------

1.3. Administración Especial:

-Arquitecto Técnico (media xornada)	1	A2	24	VACANTE
-------------------------------------	---	----	----	---------

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	SUB-GRUPO	C. D.	SITUACIÓN
--------------	----------	-----------	-------	-----------

I) Área de administración xeral:

Auxiliar Administrativo (posto detraballo en
servizos administrativos xerais e secretaria do
Xulgado de Paz.
Xornada completa)
Asimilado

OCUPADO

Destino definitivo

II) Área de infraestruturas, obras, mantemento e servizos:

Servizos especiais (Operario de Servizos múltiples)
Contrato laboral fixo

OCUPADO

Destino definitivo

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN
--------------	----------

I) Servizos sociais:

a) Traballadora social

1

b) Auxiliares de axuda a domicilio. Financiados *parcialmente*
con subvención (Consellería de Política Social)

9

c) Persoal Punto de Atención á Infancia (PAI)

2

c.1) Encargada

1

c.2) Persoal de apoio

1

II) Emprego e desenvolvemento local:

Axente de Emprego e Desenvolvemento Local Financiado *parcialmente*
con subvención (Consellería de Economía, Emprego e Industria)

1

III) Informadora xuvenil:

Informadora xuvenil (6 horas diarias)
(Encargada telecentro)

1

IV) Encargado de instalacións e edificios municipais:

Encargado

1

V) Prevención e defensa contra incendios

a) Condutores motobomba incendios

3

b) Brigadistas de incendios

5

b.1) Xefe de brigada

1

b.2) Peón-condutor

1

b.3) Peóns

3

c) Desbroce de vías municipais

4

c.1) Oficiais de 2ª

2

c.2) Peóns

2

Financiados *parcialmente* a través de Convenio coa Consellería de Medio Rural

VIII) Peóns arranxo e mantemento infraest. municipais

2

D) FUNCIONARIOS DE EMPLEO EVENTUAL:

Ningún.

No cadro de persoal non se contemplan as posibles contratacións temporais que este Concello poida realizar ao abeiro dalgunha subvención do Estado, Xunta de Galicia, Deputación ou outro organismo público, ou ben por necesidades perentorias do servizo.

O Corgo, 30 de abril de 2019.- O alcalde, José Antonio Ferreiro González.

R. 1258

FOZ

Anuncio

BASES POLAS QUE SE RIXE A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DUN POLICÍA LOCAL FUNCIONARIO DE CARREIRA POR MOBILIDADE NO CONCELLO DE FOZ

O Alcalde do Concello de Foz, O 22.04.2019 ditou a seguinte Resolución, publicándose aos efectos correspondentes.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

APROBACION DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN POLICÍA LOCAL FUNCIONARIO DE CARREIRA POR MOBILIDADE. EXPTE 438/2019.

Vista a Oferta Pública de Emprego correspondente ao exercicio 2018, aprobada por decreto de alcaldía do 22.03.2019 e publicada no Boletín oficial da provincia de Lugo núm. 74 do 30.03.2019, de cuxo tenor se desprende a existencia dunha vacante para cubrir en propiedade no persoal municipal por mobilidade (conforme disposición adicional centésimo sexaxésimo quinta LPXE), coas seguintes características:

Grupo: C; Subgrupo: C1; Denominación: Policía Local; Subescala: Administración especial-Servizos Especiais; Núm. Vacantes: 1; Acceso: Mobilidade

Vista a providencia de alcaldía de data 02.04.2019 de incoación de expediente para a selección dun policía local funcionario de carreira por mobilidade, conforme ao artigo 35 da Lei 4/2007 do 20 de abril, de coordinación de policías locais e os artigos do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.

Visto o informe de secretaría do 15.04.2019 e o informe de intervención do 16.04.2019.

Considerando o disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.; o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais; a Lei 9/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a lei 4/2007, do 8 de abril, de coordinación de policías locais; a Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se Determinan as Probas de Selección, Temarios e Baremos de Méritos para o Ingreso, Promoción Interna e Mobilidade nos Corpos de Policía Locais, para a Integración dos Vixiantes e Auxiliares de Policía ou Interinos, para o Acceso como Vixiantes Municipais e a Contratación de Auxiliares de Tempada.

o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, do 10 de marzo; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1 h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal, e a resolución de alcaldía de data 20/04/2016 de delegacións de atribucións na Xunta de Goberno Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes bases para a selección dun policía local funcionario de carreira por mobilidade:

“BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN POLICÍA LOCAL FUNCIONARIO DE CARREIRA POR MOBILIDADE”

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a selección dun policía local a través de concurso por mobilidade, pertencente á escala de administración especial, subescala servizos especiais, en réxime de funcionario (Grupo C1, nivel 18) ,

As características da praza son as establecidas na RPT do Concello de Foz, aprobada definitivamente o 25.02.2010:

“

- *Código: 05.00.00.02 a 05.00.00.11*
- *Denominación: Policía Local*
- *Área de adscrición: Policía Local*
- *Tipo de persoal: funcionario*
- *Escala: Administración especial (S.E.)*
- *Grupo: C1*
- *Nivel de complemento de destino (CD):18*

A presente convocatoria e bases será obxecto de publicación no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Foz, e na sede electrónica do Concello de Foz (www.concellodefoz.sedelectronica.es). Tamén será publicado un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e no BOE. O listado de admitidos e excluídos definitivo así como os actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados unicamente no taboleiro de anuncios, e na páxina web e a sede electrónica do Concello de Foz.

2ª.- COMETIDOS FUNCIONAIS.

Os cometidos funcionais do posto de traballo de policía local son fundamentalmente os recollidos na RPT do Concello de Foz:

- Funcións propias legalmente encomendadas á Policía Local segundo a Lei de forzas e corpos de seguridade do Estado e normativa de aplicación.
- Colaboración na xefatura e coordinación do persoal e na elaboración do plan de servizos.
- Emisión de informes e partes de incidencias ao alcalde ou concelleiro delegado.
- Coordinación do corpo en caso de emerxencias.
- Substitución do oficial en caso de emerxencia.
- Calquera outra, correspondente á súa categoría ou subescala, e propia da área na que se integra.

Será un traballo a quendas.

3ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 33 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais así como o artigo 35 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, para poder optar a este sistema de concurso por mobilidade, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos antes de terminar o prazo de solicitude:

- a) Ser funcionario/a de carreira do corpo cun mínimo de tres anos continuados de servizo activo na categoría, computándose tamén neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo e lactación.
- b) Título de Bacharelato Superior, F.P. grado I ou titulación equivalente, ou outras superiores.
- c) Non ser sancionado/a por falta grave ou moi grave, ou telas canceladas.
- d) Faltarlle máis de doce anos para o pase a situación de segunda actividade por razón de idade.
- e) Estar en posesión dos permisos da clase A e B, e da autorización BTP, comprometéndose mediante declaración xurada, a mantelos vixentes ata o momento da xubilación.

Tódolos requisitos relacionados con anterioridade posuiranse polo aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento de formalización do contrato.

4ª.- INSTANCIAS.

4.1.- Os que desexen formar parte no proceso selectivo, deberán presentar solicitude no modelo oficial (Anexo I) que estará a disposición dos interesados nas dependencias administrativas do Concello de Foz e na páxina web do Concello de Foz (www.concellodefoz.com), dirixidas ao sr. alcalde-presidente do Concello de Foz, ou por medio dos restantes medios admitidos legalmente, dentro dos 20 días naturais seguintes á publicación do anuncio de convocatoria do proceso selectivo no BOE

4.2.- Para ser admitido ó proceso selectivo os aspirantes manifestarán na súa solicitude de participación, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base 3ª, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

De acordo co disposto na ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos (BOP núm. 160 do 15.07.2010) os aspirantes deberán autoliquidar a correspondente taxa de dereitos de exame por importe de 20 euros. (a ingresar na conta: ES12 0081 2287 6000 0100 2305)

A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal, deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsedades en que puidesen incorrer os aspirantes, para os efectos procedentes.

4.4.- O prazo de presentación de instancias será de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

4.5.- As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Foz (Avda. Álvaro Cunqueiro núm. 24, 27780 Foz, Lugo), ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas. Deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.

-Xustificante da autoliquidación da taxa por dereitos de exame (20 euros)

- Xustificante da titulación esixida (copia autenticada do título académico).

-Méritos que deberán acreditarse mediante copia autenticada.

- Acreditación de ser funcionario /a de carreira do corpo cun mínimo de tres anos continuados de servizo activo na categoría , computándose tamén neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo e lactación

-Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na base 3ª segundo o modelo adxunto ás presentes bases.

4.6.- Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde, no prazo dun mes, ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos, así como a de excluídos xuntamente coas causas que motivaron a exclusión. Igualmente acordarase nesa resolución a data de celebración do concurso.

Esta resolución publicarase no BOP e Taboleiro de Edictos, na páxina web do Concello de Foz, e na sede electrónica do Concello de Foz (www.concellodefz.sedelectronica.es).

5.2.- Durante o prazo de 10 días hábiles, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, poderanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións ás listas provisionais. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

5.3.- Se non presentasen reclamacións á lista provisional considerarase definitiva.

5.4.- No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución do alcalde pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos e excluídos.

5.5.- A lista definitiva de admitidos e excluídos será obxecto de publicación no taboleiro de edictos do Concello, páxina web e sede electrónica do Concello de Foz.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- O Tribunal Cualificador, dacordo co artigo 34 da Lei 4/2007, do 20 de abril. De coordinación de policía locais. estará constituído da seguinte forma:

Presidente/a: Un funcionario da mesma Corporación ou de outra administración pública

Secretaria/o: Un funcionario da mesma corporación ou de outra administración pública.

Vogais: Tres vogais persoal funcionario ou laborais fixos dunha administración local designados/as pola Alcaldía

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ós esixidos para o acceso ao posto convocado.

6.2.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

6.3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

6.4.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

6.5.- O Tribunal poderá dispoñer da incorporación aos seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6.6.- A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar de celebración do concurso publicarase no Taboleiro de edictos do Concello, xunto co listado definitivo de admitidos e excluídos.

6.7.- Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. O Tribunal terá a categoría segunda e prevense un número máximo de 3 sesións (15 asistencias) neste procedemento selectivo.

7ª.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será concurso, procedendo o Tribunal a examinar os méritos presentados polos aspirantes coa instancia e que será cualificados con arranxo ao baremo contido no anexo III que acompaña ás bases.

8ª.- LISTA DE APROBADOS

8.1.- Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos, na páxina web do Concello de Foz e na sede electrónica a relación dos candidatos por orden da puntuación obtida, propoñendo ao candidato con maior puntuación e establecendo unha lista de reserva para o caso de que se produza a renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevinda, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión.

En caso de empate solventarase por orde alfabético do primeiro apelido dos aspirantes empatados iniciándose o escalonamento pola letra a que se refire a RESOLUCIÓN de 24 de xaneiro de 2019 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, na que se establece que é a letra Q.(DOGA nº 25 de 5/2/2019).

8.2.- O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, ao alcalde para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e o nomeamento do funcionario de carreira.

8.3.- O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes aos dos postos convocados. Calquera proposta de aprobados que contraveña ao anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

9ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

9.1.- O aspirante seleccionado, no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte a aquel no que se fíxese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do Concello de Foz, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- b) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ser separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

9.2.- Os que tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración da que dependeran para acreditar tal condición.

9.3.- Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser nomeados, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso.

10ª.- AQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DE FOZ

Polo alcalde do Concello de Foz, nomearase ao aspirante proposto polo tribunal mediante resolución de alcaldía, que será obxecto de publicación no BOP de Lugo así coma no taboleiro de edictos do Concello e sede electrónica.

O aspirante nomeado deberá tomar posesión no prazo 1 mes, a contar ao día seguinte da publicación do seu nomeamento, debendo prestar previamente xuramento ou promesa, de conformidade co establecido R.D. 707/1979, do 5 de abril.

Ata que sexa nomeado e se incorpore ao posto de traballo correspondente, o aspirante non terán dereito a percepción económica algunha.

11ª.- INCIDENCIAS E LEXISLACION APLICABLE

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

O proceso rexeráse polo disposto:

- A Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local.
- O Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local.
- Lei 9/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- Os artigos 3.2 e 76 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- O artigo 51 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.
- O Decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e regula o rexistro das policía locais de Galicia
- A Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se Determinan as Probas de Selección, Temarios e Baremos de Méritos para o Ingreso, Promoción Interna e Mobilidade nos Corpos de Policía Local, para a Integración dos Vixiantes e Auxiliares de Policía ou Interinos, para o Acceso como Vixiantes Municipais e a Contratación de Auxiliares de Tempada.
- O Texto Refundido das Disposicións Legais da Comunidade Autónoma en Materia de Igualdade, aprobado por Decreto Legislativo 2/2015 de 12 febreiro.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia. .
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

12ª.- NORMA FINAL.

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

Foz, 23 de abril de 2019.- O Alcalde, Javier Jorge Castiñeira.

ANEXO I

D./D^a....., con DNI núm., número/s de teléfono....., con domicilio a estes efectos en e dirección de correo electrónico....., expón:

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso selectivo dunha praza de.....

E declarando explicitamente coñecer e reunir os requisitos previstos nas bases da convocatoria (base 3^a), solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

* Copia cotexada da titulación esixida.

* Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.

*Acreditación de ser funcionario/a de carreira do corpo cun mínimo de tres anos continuados de servizo activo na categoría , computándose tamén neste caso o tempo de segunda actividade por causa de embarazo e lactación.

* Declaración responsable segundo anexo II

* Documentación acreditativa dos méritos alegados

*Xustificante de aboamento das taxas.

*Anexo III para o tratamento de datos de carácter persoal

En....., a de.....de 2018.

O/A Solicitante

Asdo.:.....

ANEXO II. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

“D./D^a....., con DNI núm., número/s de teléfono....., con domicilio a estes efectos en, e dirección de correo electrónico,

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo

convocada polo Concello de Foz, que:

Que no día da data está en posesión dos permisos de conducción clase A e B, e da autorización BTP, comprometéndose a mantelos mentras permaneza na situación de servizo activo no Corpo de Policía Local de Foz

En....., a de.....de 2018.

O/A Solicitante,

Asdo.:.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ (LUGO).

ANEXO III. Relación de méritos para o concurso

O baremo para os concursos de méritos para o sistema de mobilidade farase dacordo co Anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se Determinan as Probas de Selección, Temarios e Baremos de Méritos para o Ingreso, Promoción Interna e Mobilidade nos Corpos de Policía Locais, para a Integración dos Vixiantes e Auxiliares de Policía ou Interinos, para o Acceso como Vixiantes Municipais e a Contratación de Auxiliares de Tempada, que no seu teor literal establece:

Titulacións académicas.

Tendo en conta o previsto no artigo 76 e na disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público, as titulacións a baremar serán as seguintes:

- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminología, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
- Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, salvo que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, a efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregarán como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, no seu caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

Antigüidade.

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.

Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos e forzas de seguridade: 0,10 puntos.

Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

Formación e docencia.

Formación profesional continua:

Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.

Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.

Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.

Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.

Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.

Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.

Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 puntos.

Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 puntos; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración, os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos

repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso e os cursos necesarios para a obtención das titulacións do apartado A.1 do anexo II da presente Orde, nin a superación de materias dos mesmos.

Docencia:

A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, valoraranse por hora impartida a razón de:

Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.

Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvoltos nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.

Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos deste apartado A.3 deberán acreditarse dentro do prazo que se determine, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia no seu caso.

Distincións e recompensas oficiais.

Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.

Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.

Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.

Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.

Distincións do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

Idiomas.

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de escola oficial de idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.

- Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 puntos.

- Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

b) Niveis.

- Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.

- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.

- Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

Lingua galega.

Celga 1: 0,25.

Celga 2: 0,50.

Celga 3: 0,75.

Celga 4: 1,00.

Anterior curso de iniciación: 0,75.

Anterior curso de perfeccionamento: 1,00.

Linguaxe administrativa nivel medio: 1,50.

Linguaxe administrativa nivel superior: 2,00.”.

ANEXO IV

En cumplimiento con la actual normativa de Protección de Datos de Carácter Personal, procedemos a informarle sobre el tratamiento de sus datos personales.

1.-Responsable de tratamiento.

El responsable de tratamiento de sus datos personales es AYUNTAMIENTO DE FOZ, con dirección Avda. Álvaro Cunqueiro, 24, 27780 –Foz (Lugo); secretaria_foz@concellodefoz.es.

2.-Dpo.

El Delegado de Protección de Datos del Ayuntamiento de Foz es Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L., con el que podrá contactar en secretaria_foz@concellodefoz.es.

3.-Finalidad.

El acceso a la condición de personal laboral de Ayuntamiento de Foz se efectuará de conformidad con la Oferta de Empleo Público, mediante una convocatoria pública e a través de cualquiera sistema contemplado en la normativa vigente, sea concurso, concurso-oposición u oposición libre, en los que se garantizará, en todo momento, el cumplimiento de los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

4.-Legitimación.

La base legal para el tratamiento de sus datos es el consentimiento que nos otorga mediante la firma de la solicitud.

5.-Destinatarios de cesiones.

Ayuntamiento de Foz proporciona un servicio de promoción de empleo, ayudando a terceras empresas e entidades a cubrir sus procesos de selección. Por favor, marque las casillas conforme al consentimiento que quiera otorgarnos:

- Sí, deseo participar en procesos de selección de terceras empresas y/o entidades con las que Ayuntamiento de Foz colabore, por lo que consiento que los datos de mi currículum sean facilitados a las mismas, con la finalidad única de participar en sus procesos de selección.
- No, únicamente deseo participar en los procesos de selección del Ayuntamiento de Foz, por lo que no consiento que los datos de mi currículum sean facilitados a terceras empresas.

6.-Derechos.

Por último, le informamos de sus derechos en materia de protección de datos.

- Derecho a solicitar el acceso a sus datos personales.
- Derecho a solicitar su rectificación o supresión.
- Derecho a solicitar la limitación de su tratamiento, y a oponerse al tratamiento.
- Derecho a la portabilidad de los datos.

Para ejercer sus derechos no tiene más que realizar una solicitud por escrito y acompañarla de una copia de su DNI.

Ayuntamiento de Foz dispone de formularios adecuados respecto de eso. No tiene más que solicitarlos o bien presentar su propio escrito en las dependencias de Ayuntamiento de Foz. Avda. Álvaro Cunqueiro, 24, 27780 – Foz (Lugo); secretaria_foz@concellodefoz.es.

Para que podamos guardar su currículum y tratar sus datos en los procesos de selección, necesitaremos nos otorgue su consentimiento. Para eso deberá cumplimentar y firmar el siguiente recuadro:

NOMBRE Y APELLIDOS:

DNI:

FIRMA:

SEGUNDO. - Convocar o proceso selectivo de acordo co establecido nas bases da convocatoria mediante a publicación dos correspondentes anuncios e as bases integras no BOP de Lugo, na páxina web do Concello de Foz e na sede electrónica do Concello de Foz (www.concellodefoz.sedelectronica.es). Tamén será publicado un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e no BOE.

TERCEIRO - Aos efectos das indemnizacións aos membros do Tribunal polas asistencias as sesións do Tribunal previstas nos artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, o Tribunal terá a categoría segunda, e prevense un número máximo de 3 sesións (15 asistencias) no proceso selectivo a realizar fora da xornada ordinaria de traballo.

CUARTO.- Comunicar o presente acordo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Foz, 23 de abril de 2019.- O alcalde, Javier Jorge Castiñeira.

R. 1251

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de marzo de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o Acordo 11/176 **MODIFICACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2018 DO CONCELLO DE LUGO SEGUNDO O DISPOSTO NA DISPOSICIÓN ADICIONAL CENTÉSIMA SESAXÉSIMA QUINTA. TAXA ADICIONAL DE REPOSICIÓN DA POLICÍA LOCAL, polo que se acorda:**

“Ampliar a Oferta de Emprego Público do Concello de Lugo para o ano 2018, segundo o previsto na Disposición adicional centésima sesaxésima quinta. Taxa adicional de reposición da policía local coas seguintes prazas:

14 prazas na categoría de Policía, Administración Especial, Escala Básica, categoría Policía, grupo C1. 6 prazas por oposición libre, 4 prazas mediante o procedemento especial de acceso previsto na Orden do 7 de febreiro e 4 prazas mediante concurso de mobilidade e alternativamente, no caso de non cubrirse, mediante o procedemento previsto na Lei de Coordinación da Policía Local de Galicia.

6 prazas na categoría de Oficial, Administración Especial, Escala Básica, categoría Oficial, grupo C1. 4 prazas por promoción interna e 2 prazas mediante concurso de mobilidade, e alternativamente, no caso de non cubrirse, mediante o procedemento previsto na Lei de Coordinación da Policía Local de Galicia.

6 prazas na categoría de Inspector, Administración Especial, Escala Executiva, categoría Inspector, grupo A2. 3 prazas por promoción interna e 3 prazas mediante concurso de mobilidade, e alternativamente, no caso de non cubrirse, mediante o procedemento previsto na Lei de Coordinación da Policía Local de Galicia.”

Lugo, 16 de abril de 2019.- O Tte. de Alcalde Delegado da Area de Desenvolvemento Sostible e Persoal, Xosé Daniel Piñeiro Villares.

R. 1238

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local número 22/223 do día 10 de abril de 2019, aprobose, entre outros, o procedemento de licitación para a **AUTORIZACIÓN DO USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINAS AUTOMÁTICAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS FRÍAS, QUENTES E PRODUTOS NON PERECEDOIROS NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. EXPTE. REF. 2019-010.**

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
 b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** Establecer as condicións para o outorgamento de autorización para para a ocupación do dominio público municipal (espazos non necesarios para a prestación de servizos públicos en edificios e instalacións municipais) mediante a instalación e explotación de máquinas desmontables expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos sólidos (alimentos non perecedoiros) nos lugares e coas condicións indicadas no prego técnico elaborado polo adxunto de sección de Patrimonio e a arquitecta técnica do Servizo de Enxeñería.

b) Prazo de duración: O prazo de duración da autorización será de **DOUS ANOS** dende a data da acta de inicio da explotación que se asinará unha vez rematada a instalación das máquinas para o cal dispoñerá dun prazo máximo dun mes dende a notificación da resolución favorable á autorización. O prazo de duración da autorización poderá ser prorrogado por períodos máximos anuais ata un máximo de dous anos máis.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto.

4.- Tipo de licitación: Tendo en conta o número total de máquinas (29) o canon anual mínimo é de 4.255 euros/ano. Sobre este canon mínimo anual para a totalidade das máquinas as empresas realizarán as súas ofertas á alza.

5.- Garantías:

a) Provisional: Non se esixe.

b) Definitiva: 5% do importe de canon anual ofertado para os dous anos de duración da autorización.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOV10%3D.

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos dos contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados nas bases técnicas e administrativas.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura nas cláusulas oitava e novena do prego de cláusulas administrativas particulares

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou a través das oficinas de Correos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: O acto público de apertura da documentación e oferta celebrarase ó **segundo día hábil** contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, ás 13:00 horas agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Outras informacións: As que se recollen nos pregos de cláusulas administrativas particulares e no de condicións técnicas.

Lugo, 23 de abril de 2019.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto.

R. 1239

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Aprobado provisionalmente polo Concello en Pleno, en sesión ordinaria do día 29 de abril de 2019, o expediente de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo.

De conformidade co que dispón o artigo 17.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, estará exposto ao público durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que os interesados poidan examinalo e, si cabe, presentar as oportunas reclamacións.

No caso de non presentarse ningunha reclamación, o acordo provisional considerarase elevado a definitivo e procederase á publicación do texto íntegro das modificacións introducidas ao vixente.

Monforte de Lemos, 30 de abril de 2019.- O alcalde-presidente, José Tomé Roca.

R. 1259

MONTERROSO

Anuncio

Contas Municipais

Formulada e rendida a conta xeral desta Corporación correspondente ó exercicio 2018, integrada polas contas e estados a que fai referencia o artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría deste Concello, por quince días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, co obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes, durante o devandito prazo de exposición e oito días máis, de conformidade co disposto na normativa vixente.

Monterroso, 25 de abril de 2019.- O Alcalde-Presidente, Miguel Rico Gómez.

R. 1240

XERMADE

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 2019/TC/01.

Tendo sido definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de transferencia de crédito 2019/TC/01, por acordo adoptado en sesión celebrada o 14 de febreiro de 2019, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público sen que se presentaran alegacións, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o resumo de dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuadas as oportunas modificacións, quedando como se detalla:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
	A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	394.597,81	400.597,81
2	Gastos en bens correntes e servicios	1.235.799,64	1.235.799,64
3	Gastos financeiros	800,00	800,00

4	Transferencias correntes	58.396,35	58.386,35
5	Fondo de Continxencia	6.000,00	0,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Investimentos reais	107.274,58	107.274,58
7	Transferencias de capital	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	5.000,00	5.000,00
TOTAL GASTOS		1.802.858,38	1.802.858,38

Xermade, 29 de abril de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1252

CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO AOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA

Anuncio

Formada a conta xeral do exercicio 2018 do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga aos Concellos de Cervo e Burela cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as regras 44 a 51 da Instrución do modelo normal de Contabilidade para a Administración Local aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, así como a adaptación ao Plan Xeral de Contabilidade pública de Galicia (Orde da Consellería de Economía e Facenda de 28 de novembro de 2001), e informada pola Comisión Executiva en sesión celebrada o 26 de abril de 2019, expónse ao público, xunto cos documentos que a xustifican, na Intervención do Concello de Cervo dado que a sede do Consorcio se atopa na Praza do Concello s/n de Cervo, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo e oito máis, os interesados lexítimos poderán examinala e formular por escrito as alegacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Cervo, 29 de abril de 2019. A presidenta; Teresa María Gutiérrez López.

R. 1253

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA XULGADO DO SOCIAL N.º 1 BURGOS

Anuncio

D/Dª ANTONIA MARÍA GARCÍA-MORATO MORENO-MANZANARO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 001 DE BURGOS.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª JUAN LUIS GABARRI PISA contra GECONSA ESPJ -ENTIDAD SIN PERSONALIDAD JURIDICA-, MIGUEL ANGEL SIMON CABELLO , LUCIA TEJEDO MUINA , FOGASA DIRECCION PROVINCIAL FOGASA, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000700 /2018 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar** a MIGUEL ANGEL SIMON CABELLO y a LUCIA TEJEDO MUINA , en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 22/5/2019 a las 10:25 horas, en REYES CATÓLICOS 53, - Sala 001, **para la celebración de los actos de conciliación y, en caso de no avenencia, a las 10:30 horas para juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **MIGUEL ANGEL SIMON CABELLO** y a **LUCIA TEJEDO MUINA**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y colocación en el Tablón de Anuncios de la Oficina Judicial.

En BURGOS, a veintiséis de abril de dos mil diecinueve.

EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

R. 1254

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D^a MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrada da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº 003 de LUGO, FAGO SABER:

Que no procedemento 262/18, deste Xulgado do Social, seguidos a instancia de YARUSKA AZAHARES CAJIGAL contra a empresa MONET 2000 S.L., BASICO DE MONET BDM S.L. e outros, sobre DESPIDO, ditouse DIOR en data 28 de marzo de 2019, cuxa parte dispositiva se adxunta: "Transcorrido o prazo legalmente previsto sen que conste a interposición de recurso fronte á sentenza ditada, declaro firme a mesma e **acordo** o arquivo destas actuacións.-Así mesmo faise constar para os efectos previstos no artigo 239 da LJS, que dita sentenza foi notificada ás partes en legal forma.-Notifíquese ás partes, facéndolles saber que en aplicación do mandato contido no artigo 53.2 da LJS, no primeiro escrito ou comparecencia ante o órgano xudicial, as partes ou interesados, e no seu caso os profesionais designados, sinalarán un domicilio e datos completos para a práctica de actos de comunicación. O domicilio e os datos de localización facilitados con tal fin, **fornecerán plenos efectos e as notificacións neles tentadas sen efecto serán válidas** ata tanto non sexan facilitados outros datos alternativos, sendo **carga procesual das partes** e dos seus representantes **mantelos actualizados**. Así mesmo deberán comunicar os cambios relativos ao seu número de teléfono, fax, dirección electrónica ou similares, sempre que estes últimos estean a ser utilizados como instrumentos de comunicación co Tribunal.-**MODO DE IMPUGNACIÓN:** Mediante recurso de reposición a interpoñer ante quen dita esta resolución, no prazo de TRES DÍAS hábiles seguintes á súa notificación con expresión da infracción que a xuízo do recorrente contén a mesma, sen que a interposición do recurso teña efectos suspensivos con respecto á resolución recorrida.-**A LETRADA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.-María de los Ángeles López Carballo.-Rubricado**".

E para que sirva de notificación en legal forma a MONET 2000 S.L e BASICO DE MONET BDM S.L., en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Advirtese ao destinatario que as seguintes comunicacións faranse fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da Oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

En LUGO, a 26 de abril de dous mil dezanove.- **A LETRADA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**

R. 1255